



Benqueridas familias:

Estades listos para o ENTROIDO??????

Esperamos que si, porque o noso meco **Manolo Carabalo** xa saíu do seu letargo e anda mandoneando polo cole, de tal xeito que xa nos fixo saber as ordes para a vindeira semana e... **ATENCIÓN!!!** porque tamén se quere disfrazar dunha personaxe do mar.

> **LUNS:**

Se un bo pirata queres ser o primeiro día un parche nun ollo tes que poñer.

> **MARTES:**

Os piratas somos presumidos e gústanos moito o ouro brillante, así que para este día trae colares, aneis, e pulseiras para surcar os mares ben elegante.

> **MÉRCORES:**

Para ir roubando tesouros necesitarei un gorro ou pañuelo pirata que non me de moito a lata.

> **XOVES:**

Para este último día non poido deixar de pensar que unha mascota no ombreiro debería levar, así que terás que traer un loro, gato, mono, can, porquiño ou calquer outro amiguiño que nos axude con carraxe a facelas abordaxes.

VIVA O ENTROIDO!!!

Manolo Carabalo



O venres día 21 de febreiro celebraremos o Entroido e para ese día @s alumn@s poderán traer ricas viandas correspondentes a estas datas para compartir cos seus compañeiros.

Os días 24, 25 e 26 de febreiro non haberá clases.

Sen outro particular, queremos desexarvos un feliz Entroido.



O Equipo de Dinamización Lingüística.